

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 3 DE AGOSTO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vila de Cruces duns treitos, do trazado actual e antigo, das estradas EP-6303, EP-6403 e EP-6402.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, por importe total dun millón trescentos setenta e cinco mil catrocentos euros (1.375.400 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de axudas directas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para os anos 2023 e 2024, por importe de douscentos dezaseis mil euros (216.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da aprobación polo Instituto de Estudos do Territorio-IET dos instrumentos cartográficos da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do Servizo de evolución da plataforma de administración electrónica xudicial, financiado mediante o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un orzamento de licitación, IVE incluído, de dous millóns cincocentos dezaoto mil trescentos doce euros con cincuenta céntimos (2.518.312,50€) e un valor estimado de catro millóns novecientos noventa e cinco mil euros (4.995.000,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia (Concello de San Cibrao das Viñas), actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia–financiado pola Unión Europea–Next Generation EU, cun orzamento de licitación de seis millóns setenta e sete mil vinte e oito euros con oitenta céntimos (6.077.028,80 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns vinte e dous mil trescentos trinta e sete euros con oitenta e cinco céntimos (5.022.337,85 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Empresa Universidade Galega para a promoción, captación e retención de talento e o impulso da marca Galicia como activo para a I+D+i, por importe de dous millóns corenta e cinco mil dous centos oito euros (2.045.208,00 €).
- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de construción dun centro verde de hidróxeno e amoníaco a partir de fontes de enerxías renovables, promovido por EsuH2 Mjolnir S.L. (Universal H2), nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Ramón y Cajal, (convocatoria Ministerio de Ciencia e Innovación de 2021), por importe de un millón doucentos noventa e seis mil euros (1.296.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva, (convocatoria Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2021), por importe de cento vinte mil euros (120.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello da Estrada para a restauración do retablo principal da Igrexa de Santo Tomé de Acorados–A Estrada, por un importe total de cincuenta mil novecentos corenta e nove euros con corenta e sete céntimos (50.949,47€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Diócese de Ourense e o concello de San Cibrao das Viñas para o acondicionamento da Igrexa Parroquial de San Salvador de Noalla, por importe total de sesenta e un mil cento dezaioito euros con catorce céntimos (61.118,14€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D). Importe total: sete millóns setecentos trece mil catrocentos euros (7.713.400,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración para o ano 2023, entre a Consellería de Política Social e Xuventude e Aldeas Infantiles SOS Galicia para a execución do "programa de apoio ao acollemento en familia extensa". Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Juan Soñador, para o desenvolvemento do programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2023. Importe: cento setenta e dous mil douscentos oitenta e un euros con oito céntimos (172.281,08€)

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, respecto da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023, por un importe total de nove millóns novecentos cincuenta e un mil euros (9.951.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir ás entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, respecto da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para promover a práctica profesional e a formación en competencias brandas das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe sete millóns cincocentos sesenta e seis mil euros (7.566.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Asociación Clúster TIC Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total dun millón douscentos oitenta e nove mil cincocentos trinta e oito euros (1.289.538,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscribir a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Laboral da Construción para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de douscentos tres mil setecentos setenta euros (203.770,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscribir a segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e CEAGA Fundación Clúster de Empresas De Automoción de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de oitocentos cinco mil oitocentos corenta e tres euros (805.843,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscribir a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Cluergal Clúster das Enerxías Renovables de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de douscentos dez mil douscentos sesenta e sete euros (210.267,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscribir a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Asime Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos oitenta mil douscentos trinta e seis euros (380.236,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscribir a segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Galega de Comercio para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos catorce mil cincocentos sesenta e sete euros (314.567,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías ás persoas beneficiarias de pagamentos a conta das axudas concedidas ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o cuarto trimestre do exercicio orzamentario 2023, por un importe dun millón de euros (1.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual na Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura e se procede a súa convocatoria por importe de noventa e catro mil douscentos corenta euros (94.240,00 €) e a modificación da porcentaxe sinalada para o importe conxunto dos pagamentos á conta de conformidade co disposto no artigo 62.4 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as medidas de apoio para o reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con elevado incremento poboacional estacional a través do Plan específico de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2023.
- Informe balance da modificación da normativa en materia de socorrismo no mes de maio de 2023.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Informe sobre a Estratexia galega de atención á soidade non desexada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a subministración e instalación de salas de raios X dixitais con destino a centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde por importe total de 4.795.256,27 €

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia (Agader).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas da Orde para investimentos que fomenten a pesca sostible para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) convocadas para o ano 2023, tramitados os procedementos como expedientes anticipados de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES DO TREITO DA ANTIGA PONTE DE SAN XUSTO E DOUTROS DOUS TRAMOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS

- Transfírese ao Concello o treito antigo de 298 metros da EP-6402 Portodemouros-Ponte San Xusto, así como dous treitos da EP-6306 Agolada-As Cruces e da EP-6403 As Cruces-Brocos, de 345 metros e 73 metros de lonxitude, respectivamente
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vila de Cruces do treito da antiga ponte de San Xusto da estrada EP-6402, así como de dous treitos das estradas EP-6306 Agolada-As Cruces e da EP-6403 As Cruces-Brocos.

A Deputación Provincial de Pontevedra acordou en pleno aprobar a transferencia da titularidade destes viarios a prol da entidade local, segundo se establecía no convenio de colaboración asinado co Concello de Vila de Cruces, de mellora da mobilidade peonil na EP-6306 Agolada-As Cruces.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito antigo de 298 metros de lonxitude da EP-6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto, da antiga ponte de San Xusto, con inicio no quilómetro 1+670.

Ademais, informou favorablemente do cambio de titularidade do treito final de 345 metros de lonxitude da estrada provincial EP-6306 Agolada-As Cruces, desde o quilómetro 16+688 ata o 17+033; así como do treito inicial de 73 metros de lonxitude da EP-6403 As Cruces-Brocos, desde o quilómetro 0 ata o 0+073.

A transferencia a prol do Concello de Vila de Cruces tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Vila de Cruces terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Trazado do treito antigo da EP-6402 Portodemouros-Ponte de San Xusto:




TREITO PROPOSTA DE TRANSFERENCIA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trazado do treito da EP-6306 Agolada-As Cruces:



Trazado do treito da EP-6403 As Cruces–Brocos:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTARÁ CON 27 CENTROS INTEGRADOS DE FP O PRÓXIMO CURSO, UN 40% MÁIS QUE EN 2009

- O Consello da Xunta aproba o decreto de conversión en CIFP dos institutos Audiovisual de Vigo, Montecelo de Pontevedra e Vilamarín de Ourense
- Nestes novos centros especializados reforzaranse as familias profesionais de Sanidade, Imaxe e son e Hostalaría
- Esta transformación permite ampliar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioprodutivo da contorna de cada un dos novos centros integrados
- Este tipo de centros especializados potencian a FP como sinónimo de calidade, innovación, emprendemento e empregabilidade
- Actualmente aglutinan un 46% das matrículas dos máis de 60.000 alumnos que cursan ciclos formativos en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de transformación en centros integrados de FP dos institutos de educación secundaria IES Audiovisual de Vigo, IES Montecelo de Pontevedra e IES de Vilamarín (Ourense).

Con este paso, o Goberno galego reforza a estrutura estratéxica da FP galega, aumentando ata 27 o número de CIFP dependentes da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para o curso 2023/24, fronte aos 11 que había en 2009, o que supón un crecemento de máis dun 40% neste período.

Na práctica, a transformación destes tres institutos en centros integrados de FP suporá un reforzo da oferta académica, ao tempo que permite establecer novas sinerxías co tecido socioprodutivo da contorna de cada un deles.

Precisamente, a ampliación da rede de centros de FP é un dos obxectivos recollidos na Estratexia de FP Galicia 2030, que establece como un dos seus eixes promover o papel dos centros integrados de excelencia como referencia para cada familia profesional e sector produtivo e que estes centros desenvolvan accións de innovación do profesorado coa participación activa do tecido empresarial e de institucións.

Ao longo desta lexislatura creáronse xa sete centros integrados. A estes tres autorizados hoxe, hai que engadir Universidade laboral (Culleredo), Leixa (Ferrol e Fraga do Eume (Pontedeume) que entraron en funcionamento no curso 2021/22; e Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa) no curso 2022/23.

CIFP Audiovisual de Vigo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso do actual Instituto Audiovisual de Vigo, a súa conversión en centro integrado de FP suporá reforzar a familia profesional Imaxe e Son con dous novos ciclos, para dar servizo ao sector audiovisual no ámbito sur de Galicia. Deste xeito, a cidade de Vigo aglutinará tres dos sete centros deste tipo cos que contará a provincia a partir de setembro.

Así pois, á oferta educativa do pasado curso, este centro incorporará o novo ciclo de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos. Dáse así cobertura á zona sur de Galicia para este ámbito, xa que ata o momento este ciclo tan só se impartía na Coruña. Tamén se amplía con novas opcións de matrícula o ciclo superior de Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos.

CIFP Montecelo

A conversión en centro integrado de FP do IES Montecelo permitirá reforzar a especialización deste centro na familia profesional de Sanidade na Área de Pontevedra, o que redundará nunha maior oferta de profesionais sanitarios.

De feito, a partir de setembro o centro incrementará as prazas: Emerxencias sanitarias e Farmacia e parafarmacia. Ademais, por primeira vez en Galicia, ofertarase o ciclo de Postimpresión e acabamentos gráficos na modalidade de FP dual en colaboración con seis empresas. Esta incorporación permitirá dar cobertura a un sector laboral en que non existía formación.

CIFP de Vilamarín

No Concello de Vilamarín, en Ourense, a transformación do seu instituto en centro integrado de formación profesional é unha aposta polo sector agro-hostaleiro, no que xa é unha referencia, e na aposta pola hostalaría sustentable de quilómetro cero. Non en balde, este CIFP ofertará o ciclo superior dual Cociña agroecolóxica, unha das tres titulacións de alta especialización que haberá o vindeiro curso en Galicia.

Así mesmo, como reforzo da oferta, o centro incorporará tres novos ciclos de modalidade dual en Xestión de aloxamentos turísticos, en Dirección de servizos de restauración e en Dirección de Cociña.

Co novo centro integrado de formación profesional, a provincia de Ourense pasa de tres a catro centros deste tipo, e no caso de Vilamarín, tamén implica unha firme aposta por estas ensinanzas no rural, xa que actualmente están todos eles radicados na cidade das burgas.

Este centro tamén participará no programa de bolsas Retorna Talento FP a través do ciclo superior dual semipresencial de Xestión de aloxamentos turísticos. O alumnado

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizará a primeira parte da súa formación no país de orixe, ata que no mes de marzo de 2024 se incorpore a unha empresa galega.

Calidade, innovación, emprendemento e empregabilidade

Actualmente son 24 os centros integrados de FP que constitúen o eixe vertebrado da FP galega, e que se conciben como instrumentos fundamentais para seguir potenciando estas ensinanzas como sinónimo de calidade e de empregabilidade, grazas ao establecemento dunha oferta modular, flexible e adaptada ás demandas socio-económicas. De feito tres deles (Carlos Oroza de Pontevedra, As Mercedes de Lugo e Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña) veñen de incorporarse recentemente á Rede estatal de centros de excelencia coa máxima puntuación de España.

Esta rede, que aglutina un 46 % das matrículas dos máis de 60.000 alumnos que cursan ciclos formativos en Galicia, xoga un papel destacado na aposta pola constante innovación na FP. Non en balde, todos eles contan con aulas de tecnoloxía aplicada dotadas cos equipamentos máis avanzados en ámbitos como a ciberseguridade, a simulación virtual, a biotecnoloxía ou a fabricación aditiva. Outra das liñas de traballo destacadas destes centros é o emprendemento, a través dos viveiros de empresas que funcionan neles e onde se prioriza a relación constante co sistema produtivo.

Ademais, estes centros son axentes para o procedemento de avaliación, recoñecemento, e acreditación de competencias profesionais, xa que contribúen á acreditación das experiencia profesional dos traballadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE "VÍA VERDE COMPOSTELA-TAMBRE-LENGÜELLE

- O proxecto, no marco do Plan nacional de turismo enogastronómica, conta con orzamento de preto de 1,4 millóns de euros e inclúe a elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística a través dos mercados gastronómicos itinerarantes, desenvolvemento de produtos turísticos singulares e reforzo do turismo activo coa instalación de puntos de auga, sombra e estacións de puntos de auto reparación de bicicletas
- Inclúe tamén sesións de *showcooking* para profesionais do sector do turismo, o deseño dun programa de rutas para a posta en valor do patrimonio gastronómico; e o deseño e desenvolvemento de xornadas gastro-lúdicas nas áreas de descanso
- O proxecto está incluído no marco do Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia dotado con 34,5 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística "Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle" no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Dotado con 1.375.400 euros de orzamento, o PSTD foi incluído no Plan territorial de enogastronomía de Galicia aprobado o ano pasado, e é un dos dous proxectos que foron engadidos ao Plan territorial da Xunta ao abeiro do Plan nacional de turismo, incrementando os orzamentos destinados a Galicia para estes proxectos ata os 34,5 M€ a executar ata 2025.

O PSTD, que beneficiará aos concellos de Oroso, Ordes, Tordoia, Cerceda, inclúe a elaboración dun plan de actuación e seguimento ante risco de inundacións dos leitos dos ríos Tambre, Lengüelle e Tourío; a elaboración e desenvolvemento dun plan de promoción turística dos mercados alimentarios (feiróns) itinerantes para o fomento do consumo de produtos Km0 e de tempada en colaboración cos pequenos produtores; elaboración dun plan de sombras para áreas de descanso da Vía Verde; así como a instalación de pérgolas axardinadas en áreas de descanso para facer fronte ao aumento de temperaturas.

Inclúe tamén a adecuación do firme da Vía Verde no tramo de Santiago a Oroso; instalación de puntos de auga e estacións de auto reparación de bicicletas; sesións de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

showcooking para profesionais do sector do turismo gastronómico; inventario e análise turístico de recursos para a posta en valor de elementos patrimoniais vinculados á gastronomía; deseño dun programa de rutas na Vía Verde para a posta en valor do patrimonio gastronómico; e o deseño e desenvolvemento de xornadas gastro-lúdicas nas áreas de descanso ou estacións da Vía Verde durante a tempada baixa en colaboración con profesionais da cociña locais.

Plan territorial enogastronomía

O Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 34,5 millóns de euros, e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 millóns de euros aos que se suman os dous PSTD aprobados no marco do Plan nacional de enogastronomía, cun orzamento de 2.675.400€, un dos cales é o obxecto de este convenio.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos que se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA EN 216.000 EUROS A PARTIDA DESTINADA Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS COIDADORAS DE GANDO PARA ATENDER TODAS AS SOLICITUDES PRESENTADAS

- Destina 370.000 euros a esta novidosa iniciativa que pretende axudar ao sector gandeiro en extensivo na contratación de persoal para desenvolver tarefas de pastoreo e manexo de reses co fin de protexer, na medida do posible, aqueles rabaños máis sensibles e susceptibles de sufrir un maior risco de predación
- O Goberno galego mantén o seu compromiso de compatibilizar a actividade gandeira coa presenza e a conservación desta especie de fauna silvestre na Comunidade

O Goberno galego incrementa en 216.000 euros a partida destinada á contratación de persoas coidadoras de gando como medida de prevención ante os ataques do lobo para atender todas as solicitudes presentadas, tal e como acordou hoxe o Consello da Xunta.

O pasado mes de maio publicáronse as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras de gando como medida de prevención dos danos que poida ocasionar o lobo para os anos 2023 e 2024. A resolución desta convocatoria, o pasado mes de xullo, atendeu 9 solicitudes por un importe de 154.000 euros, quedando fóra da concesión outras 12 peticións, que cumprían os requisitos esixibles na convocatoria e que suporían un total de 216.000 euros.

Deste xeito, a Xunta destinará un total de 370.000 euros a esta iniciativa novidosa que ten como obxectivo axudar ao sector gandeiro en extensivo na contratación de persoal para desenvolver tarefas de pastoreo e manexo de reses co fin de protexer, na medida do posible, aqueles rabaños máis sensibles e susceptibles de sufrir un maior risco de predación.

Polo tanto, ante o interese económico e social á medida subvencionable, o Goberno galego decidiu conceder as axudas solicitadas que, cumprindo os requisitos e superando o procedemento de concorrència competitiva non puideron beneficiarse desta liña de financiamento por esgotamento do crédito dispoñible, en virtude da Lei de subvencións de Galicia que prevé que poidan concederse de forma directa, con carácter excepcional, subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Con esta medida excepcional trátase de cumprir o obxectivo establecido polo Plan de xestión do lobo en Galicia de acadar unha integración entre as indemnizacións por danos e a adopción de medidas preventivas nas explotacións afectadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que durante o ano 2021 levouse a cabo nesta comunidade autónoma a actualización do estado poboacional de lobo ibérico en Galicia e os resultados obtidos do censo estiman a presenza de 93 mandas reprodutoras, concluíndo que a área de distribución do lobo ocuparía unha superficie de 26.908 km², o que supón o 91 % da superficie total do territorio galego.

Así mesmo, a evolución dos danos comunicados ao logo do período 2010-2022, amosan un mantemento continuo dos mesmos dada a distribución xeneralizada da especie na comunidade autónoma.

Ante isto, o Goberno galego mantén o seu compromiso de compatibilizar a actividade gandeira coa presenza e a conservación desta especie de fauna silvestre en Galicia. De feito, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda financia 3 ordes de subvencións para prever e minimizar o impacto do lobo.

Á liña de incentivos para contratar persoas coidadoras do gando en explotacións en réxime extensivo para desenvolver tarefas de pastoreo e manexo das reses, hai que engadir as axudas destinadas á adquisición e instalación valados fixos, e as que teñen como obxecto a compra e manutención de cans protectores, a adquisición de pastores eléctricos e a colocación de cerrumes con malla.

E, a maiores, a Xunta destina 646.000 euros para compensar os afectados polas perdas derivadas dos ataques desta especie.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DA CIDADANÍA UN VISOR WEB CON INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA DO TERRITORIO REGULADO POLA LEI DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA

- Esta ferramenta dixital permitirá aos usuarios coñecer de primeira man os usos permitidos en cada unha das áreas que identifica a norma normativa
- O visor permitiu determinar que o territorio comprendido no marco regulatorio desta lei abarca unha superficie de 1.613.481 hectáreas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a posta en marcha dun visor web a través do que cidadanía, empresas e administracións poderán acceder a información cartográfica do territorio regulado pola Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que entrou en vigor onte, 2 de agosto.

Esta ferramenta dixital, desenvolvida polo Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, permitirá aos usuarios coñecer de primeira man tanto a área en que se localizan os terreos do seu interese como os usos permitidos.

Deste xeito, o visor web, cuxa posta en funcionamento está prevista para os vindeiros días, ofrece un mapa cun nivel de zoom de detalle establecido a 1:2000 e que contén a base topográfica de Galicia como fondo de referencia sobre a que se superpoñen as capas dos diferentes ámbitos recollidos na Lei de ordenación.

Así, a área de protección ambiental (APA), que é aquela con características naturais singulares e valores ambientais excepcionais que deben ser especialmente protexidos, inclúe a zona comprendida entre a liña de 12 millas náuticas ata a liña de ribeira de mar -espazo marítimo-terrestre comprendido entre a liña de máxima baixamar viva e o límite ata o que chegan as ondas nos temporais máis grandes coñecidos- e os espazos naturais protexidos -parques naturais, humidais protexidos, Rede Natura, monumentos naturais, e paisaxes protexidas, entre outros-.

Na área de reordenación (ARA), o mapa ofrece capas coa delimitación dos solos urbanos e dos núcleos rurais, con base nos datos dispoñibles no Sistema de información de ordenación do territorio e urbanismo de Galicia (Sioutuga); coas zonas de servizo de cada un dos portos de titularidade autonómica, e coas liñas do dominio público marítimo terrestre. Cómpre lembrar que esta área reúne os espazos transformados pola acción urbanizadora e espazos degradados, de difícil ou imposible re-naturalización, que exixen accións de reordenación, orientadas a non agravar a deterioración, a humanizar os espazos e renovar os elementos e o seu entorno.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E, no que respecta á área de mellora ambiental e paisaxística (AMAP), contén os espazos non incluídos nas anteriores zonas.

A maiores, o visor web tamén incorpora unha sección coas áreas recollidas no Plan de ordenación do litoral (POL), como, por exemplo, os espazos de interese paisaxístico ou xeomórfico, os corredores ecolóxicos ou as áreas intermareal e costeira.

Coa posta en marcha deste visor dáse cumprimento á disposición final terceira da Lei do litoral de Galicia, en que se recolle que a información cartográfica necesaria para a aplicación desta norma estará dispoñible no enderezo electrónico da consellaría con competencias en materia de medio ambiente.

Superficie regulada pola lei de ordenación do litoral

No marco dos traballos para desenvolver este visor web tamén puido establecer a superficie total comprendida no marco regulatorio da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral. Son 1.613.481 hectáreas, das que 531.285 ha son terrestres e 1.082.195 ha, mariñas.

Tamén se estableceu o territorio que abarca cada unha das áreas determinadas pola devandita lei. Deste xeito, a área de protección ambiental comprende un ámbito de 1.137.036 hectáreas -1.080.985 ha mariñas e 56.051 ha terrestres-, mentres que a área de reordenación abarca 58.726 hectáreas e a de mellora ambiental e paisaxística inclúe 417.718 hectáreas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O I PLAN DE IGUALDADE DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- Resalta que o Plan contará con 74 medidas en oito eixos estratéxicos centrados en promover a conciliación, impulsar a formación neste eido ou garantir a igualdade no acceso e promoción de emprego público
- Destaca que entre as medidas que se van implantar estará a instalación de salas de lactancia e escolas infantís en centros públicos ou favorecer que á hora de acceder a un emprego público e cos mesmos méritos teña prioridade o xénero menos representado
- Ademais vaise deseñar unha guía de corresponsabilidade na Administración e promoverase a linguaxe inclusiva
- O documento conta co voto a favor de CCOO, UXT e CSIF

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe que o Consello aprobou na súa reunión desta mañá o I Plan de igualdade da Administración autonómica que contará cun conxunto ordenado de medidas dirixidas a eliminar os obstáculos que dificulten ou impidan a igualdade efectiva de mulleres e homes no ámbito da Administración galega. O documento "conta co voto a favor das organizacións sindicais CCOO, UXT e CSIF", indicou Rueda.

O titular do Goberno galego explicou que a elaboración deste plan –liderada pola Dirección Xeral da Función Pública– partiu dunha diagnose da situación en materia de igualdade no seo da Administración, que se nutriu dos resultados "de enquisas, voluntarias e anónimas, realizadas entre todos os traballadores para que aportaran a súa visión" das necesidades existentes neste eido.

Neste marco, o plan contará cun protocolo de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo, así como cunha relación dos obxectivos a alcanzar coa aplicación das 74 medidas que contén o documento, estruturadas en oito eixes de actuación.

Un dos eixes principais deste Plan será o compromiso coa igualdade con medidas coma a promoción da linguaxe inclusiva. Ademais, tal e como explicou Rueda, incidirase no acceso ao emprego público e provisión de prazas para que no caso de haber infrarrepresentación dalgún xénero e que os dous candidatos teñan iguais méritos "dirimirase o empate a favor do xénero menos representado". Do mesmo xeito, o presidente salientou que outro dos obxectivos principais do Plan é mellorar a conciliación dos empregados públicos "incluíndo salas de lactancia ou escolas infantís" nos centros públicos que se considere necesario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos eixes deste Plan de Igualdade será a saúde laboral e a prevención de riscos, "cun rexistro que recolla datos segregados por sexos"; mellorar e promover a formación en igualdade entre os empregados públicos así como deseñar unha guía de corresponsabilidade na Administración.

Por último, o Plan contará con accións específicas ante situacións de especial protección. Neste eixo inclúese, segundo explicou Rueda, "a elaboración dun código interno de conduta para fomentar unha organización baseada na igualdade e contra calquera tipo de acoso ou discriminación".

Ademais, o Plan recollerá tamén sistemas de seguimento e avaliación das medidas que se van poñer en marcha, polo que o documento incluírá un sistema de seguimento para cada unha das 74 medidas.

Coa aprobación deste plan de igualdade dáse cumprimento ao mandato do Parlamento de Galicia que, a resultas dunha Proposición non de lei presentada na Cámara, instou ao Goberno galego a poñer en marcha medidas encamiñadas a garantir os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública, así como a promover a corresponsabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EVOLUCIONARÁ A PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA XUDICIAL PARA INCREMENTAR OS SERVIZOS DIXITAIS A CIDADÁNS E PROFESIONAIS

- Esta evolución permitirá a implantación do novo sistema de xestión procesual que porá en marcha o Ministerio
- Incorporará melloras no visor do expediente xudicial electrónico para proporcionar un acceso máis sinxelo aos expedientes xudiciais e especializado por colectivos de usuarios
- Ampliará os servizos, tanto do portal de Xustiza como da sede electrónica xudicial
- Incrementará a interoperabilidade do eido xudicial, tanto con outros sistemas da Administración autonómica como do Estado

A Xunta de Galicia abordará a evolución da plataforma de administración electrónica xudicial para dar resposta ás novas demandas do proceso de transformación dixital e á necesidade de incorporar novos servizos dixitais, tanto para os profesionais do eido xudicial como para a cidadanía. Esta plataforma integra pezas clave da dixitalización da Xustiza en Galicia como os sistemas de xestión procesual, o visor do expediente xudicial electrónico ou as canles de relación en liña cos profesionais e a cidadanía.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato que permitirá abordar unha nova fase desta plataforma e que recolle a súa evolución, o desenvolvemento de novas funcionalidades e o soporte destas actuacións por un importe de 2,4 millóns de euros (IVE incluído) ata 2025. Este importe será financiado polo Mecanismo de recuperación e resiliencia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Entre os cambios que permitirá abordar esta actuación está o da adaptación ao novo sistema de xestión procesual, *Atenea*, que prevé poñer en marcha o Ministerio de Xustiza, así como as súas actualizacións. Ademais, avanza nunha maior especialización do visor do expediente xudicial electrónico para acadar unha mellor accesibilidade aos expedientes xudiciais e un acceso por perfil de usuario (xuíces, fiscais, tramitadores, accesos desde as salas de vistas etc.).

Tamén se incrementarán os servizos das principais canles dixitais do eido xudicial para profesionais e cidadanía, o portal xustiza.gal e a sede xudicial electrónica, sede.xustiza.gal. Na sede xudicial habilitaranse novos sistemas de identificación, así como a compartición da axenda única de actos procesuais con profesionais e interesados; ou a creación de carpetas e espazos especializados segundo o perfil profesional. Ademais porase en marcha un asistente virtual para os usuarios da sede xudicial electrónica.

Outra das liñas de actuación será a mellora da interoperabilidade cos servizos e sistemas desenvolvidos polo Ministerio de Xustiza como o novo sistema Lextent, os servizos de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intercambio de documentación dixital ou o cargador de expedientes administrativos. E tamén se mellorará a interoperabilidade con sistemas e servizos da Administración autonómica como o sistema de gravacións de actos procesuais (eFidelius), os sistemas de apoio nas sedes xudiciais (xestión de arquivos e pezas de convicción, xestión de espazos, solicitudes de medios e peritos, sorteo xurado etc.), o sistema de xestión do Imelga ou sistemas de apoio ás oficinas de atención á cidadanía, e aqueles outros sistemas e servizos que se poidan ir incorporando.

Todas estas actuacións enmárcanse no III Plan tecnolóxico da Administración da xustiza en Galicia, *Senda 2025*, que busca a consolidación dixital da xustiza, para facela máis próxima á cidadanía con capacidade para ofrecer uns servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO CENTRO DE CIBERSEGURIDADE DE GALICIA, EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6 M€

- Resalta que o obxectivo é “fortalecer a ciberseguridade na administración pública, a cidadanía e as empresas” e “promover o desenvolvemento de proxectos innovadores e de I+D neste eido”
- Subliña que para iso o centro monitorizará os sistemas informáticos das entidades interesadas para actuar ante calquera alerta e contará cun espazo demostrador no que probar a nova tecnoloxía deseñada antes de aplicala no sector produtivo
- O Goberno galego licitará este mes os traballos co obxectivo de inicialos a principios do 2024 e poñer en marcha o novo centro en 2025
- O edificio disporá dunha superficie útil de máis de 2.100 m² e configúrase en catro bloques rotando sobre un espazo central, de planta circular e formato poligonal
- O centro traballará en colaboración coas deputacións provinciais, coas entidades locais, a través da Fegamp, coas universidades galegas e centros tecnolóxicos e de innovación e co tecido empresarial do sector

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu hoxe o visto e prace á contratación das obras para a construción do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia nos terreos do Parque Tecnolóxico de Galicia, en San Cibrao das Viñas, que suporá un investimento de máis de 6 M€.

Tal e como explicou o presidente, o novo centro ten nace co obxectivo de “fortalecer a ciberseguridade” na contorna da administración pública, da cidadanía e das empresas; apoiar a innovación no sector produtivo mediante o logro da excelencia na investigación; “fomentar o desenvolvemento de proxectos vencellados á ciberseguridade” e promover o emprendemento neste eido.

O departamento de Infraestruturas da Xunta prevé licitar as obras ao longo deste mes de agosto, para poder adxudicalas no outono e empezalas a principio do 2024. O obxectivo co que se traballa é poder poñer en marcha o novo centro no ano 2025, xa que as obras contan cun prazo de execución de 20 meses.

O edificio que albergará o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia construírse na parcela 3E da Tecnópole, cunha superficie útil de máis de 2.100 m². O edificio configúrase en catro bloques rotando sobre un espazo central, de planta circular e formato poligonal, que albergará as funcións para o que é concibido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O edificio, que se utilizará tamén co obxectivo de fomentar a I+D+i e o emprendemento no ámbito da ciberseguridade, nun modelo de colaboración público-privada, acollerá diferentes espazos de uso para as administracións, as empresas ou os emprendedores.

Rueda resaltou que o futuro centro vaise encargar de “supervisar a ciberseguridade das administracións públicas” a través dunha sala de monitorización na que se controlarán os sistemas informáticos das entidades interesadas e se detectará calquera alerta. O recinto contará ademais cunha sala específica para no case de xurdir algunha crise en materia de ciberseguridade.

Ademais, tal e como explicou o presidente, “o centro dará apoio ao desenvolvemento de proxectos de innovación ou a I+D en ciberseguridade” a través dun centro demostrador no que poñerán a proba novas tecnoloxías para despois amosalas ao sector produtivo que vai ser destinatario das mesmas ou con laboratorios e outros espazos que poden usar as empresas e emprendedores.

Carácter funcional dos espazos

No deseño do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia primase o compromiso coa arquitectura do futuro e coa calidade de vida dos seus traballadores como obxectivo esencial. Destaca así a orixinalidade tipolóxica na configuración do edificio, que aposta pola expresión tecnolóxica da función que alberga, cunha envolvente lixeira metálica e vidrada que flota no contexto desnaturalizado da Tecnópole, xerando unha paisaxe cara ao interior a través dun cinto verde vexetal formado por diferentes especies de árbores.

En concreto, o edificio estrutúrase en catro elementos que expresan o seu carácter funcional no conxunto e que se articulan ao redor dun espazo central de acceso e circulacións en forma de disco horizontal con control visual directo aos espazos dos catro bloques.

A sala de operadores, que se aloxará nunha das pezas máis significativas da actuación na posición noroeste da parcela, albergará na súa planta superior os espazos servidores desta, como son o despacho, o laboratorio, a sala de crise e a sala de reunións.

No lado oposto, cara ao sureste, sitúase a peza de laboratorios e centro demostrador, que se organizan de modo que mediante paneis móbiles poden configurarse nun espazo conxunto para demostracións de maior envergadura. Estes espazos terán dobre altura, situándose nunha zona parcialmente superior unha sala de máquinas de climatización.

Na diagonal do eixo contrario, situación noroeste-suroeste, proxéctanse dúas pezas arquitectónicas análogas con dúas plantas, para usos administrativos, para aseos, espazos para uso interno do centro, para emprendedores ou para o alugueiro de empresas privadas. Estas dúas pezas análogas fórmanse mediante a disposición de dúas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pezas arquitectónicas que se traban mediante unha fenda central de circulacións verticais e horizontais.

Na execución das obras do edificio propónse unha tecnoloxía de obra seca e ultralixeira, materiais de prestacións avanzadas recuperables e desmontables. Tamén destaca a ausencia intencionada de falsos teitos e a austeridade e transparencia, mostrando a construción do edificio.

A sustentabilidade e eficiencia enerxética é tamén outro aspecto coidado no deseño do edificio, no que se propón un sistema de climatización mixto, dimensionado para poder proporcionar toda a calor con xeotermia e a refrixeración con xeotermia/aerotermia. Este sistema mixto reduce considerablemente os custos iniciais de investimento para un sistema completo de climatización por xeotermia e, á vez, mantén todas as vantaxes enerxéticas de ambas as instalacións xeotermia/aerotermia.

O Goberno galego impulsa o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, que se converterá nun punto de encontro entre a innovación en ciberseguridade e as necesidades e retos da sociedade. Coa posta en marcha deste edificio, a Comunidade dá un paso importante no camiño dunha Galicia intelixente que aposta polo crecemento da economía galega baseado nas tecnoloxías.

O centro traballará en colaboración coas deputacións provinciais, coas entidades locais, a través da Fegamp, coas universidades galegas e centros tecnolóxicos e de innovación e co tecido empresarial do sector. A vocación deste centro é estar á disposición de toda a sociedade.

O Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia materializarase a través da colaboración entre a Consellería de Facenda, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, responsable deste proxecto, e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que acometerá as obras de edificación.

Esta intervención será financiada con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, do programa Next Generation UE.

Infografías do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia en San Cibrao das Viñas:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA UN CENTRO VERDE DE HIDRÓXENO E AMONÍACO NAS PONTES

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación aproba a declaración deste proxecto impulsado polo grupo empresarial Universal Kraft cun investimento de 315M€
- O despregamento da iniciativa permitirá, por unha banda, descarbonizar as cadeas de valor e a industria estratéxica local; e, doutra banda, avanzar nos retos globais vinculados ao cambio climático, así como situar á rexión como líder na transición ambiental
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa que a Xunta busca afianzar Galicia como unha terra de oportunidades, potenciando a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade
- Con este xa son 20 os proxectos declarados como iniciativas empresarias prioritarias en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria dun centro verde de hidróxeno e amoníaco nas Pontes. Cun investimento de 315 M€, este proxecto está impulsado pola empresa EsuH2 Mjólnir, participada ao 100 % por Universal H2 do grupo empresarial Universal Kraft.

Cun investimento a tres anos, a primeira fase para a construción da planta de amoníaco e hidróxeno verde prevé unha capacidade máxima de 120 MW e unha produción de amoníaco de 98.550 toneladas ao ano que se transportará a unha instalación de almacenamento no porto exterior de Ferrol para a súa exportación. O amoníaco ten aplicacións no capo dos fertilizantes, pero tamén como portador de enerxía de hidróxeno.

Os promotores prevén a creación tanto desta planta como dun proxecto integrado de enerxía solar. O despregamento desta iniciativa permitirá, por unha banda, descarbonizar as cadeas de valor e a industria estratéxica local; e, doutra banda, avanzar nos retos globais vinculados ao cambio climático, así como situar á rexión como líder na transición ambiental

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera tanto o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 315 M€) como o emprego -o mínimo é de 25 postos de traballo directos baixo a modalidade de contrato indefinido a xornada completa, e prevese a creación de 60-; ademais complementa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é, neste caso, o das enerxías renovables.

O Grupo Universal Kraft, de orixe sueco, leva 20 anos desenvolvendo proxectos solares e outras solucións de enerxías renovables. En 2021 constitúe Universal H2 como entidade especializada que cobre toda a cadea de valor: desde a produción de enerxías renovables ata tecnoloxías para a produción de hidróxeno e amoníaco verdes co compromiso de desenvolver sistemas de enerxías sustentables e viables para a produción, distribución e almacenamento de enerxía verde. Actualmente conta con proxectos en Canadá, Suecia, Portugal e Brasil.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Deste xeito xa son 20 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei) e agora a planta de Universal H2.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2M€ Á PROMOCIÓN, CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO ASÍ COMO AO IMPULSO DA MARCA GALICIA NO EIDO DA I+D+I

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación asinará un convenio coa Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga) para seguir consolidando os programas Oportunius e o de captación de talento internacional, así como para completar o portal Innovarede e impulsar a oficina de talento internacional
- O obxectivo desta iniciativa é situar as persoas como activo principal así como posicionar Galicia e o seu ecosistema de I+D+i a nivel europeo e internacional

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá destinar 2 millóns de euros a seguir promocionando, captando e retendo talento, así como a impulsar a Marca Galicia no eido da I+D+i. Deste xeito, asinará un convenio coa Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga) que estará vixente ata finais de 2025.

A través deste convenio seguirase apostando polo talento coa realización de diversas actividades. Por unha banda, actuarase na retención e atracción de investigadoras e investigadores excelentes co programa Oportunius, co que se pretende dar estabilidade a aqueles profesionais que queiran desenvolver a súa carreira científica en Galicia.

Por outra banda, executarase accións para consolidar unha Marca Galicia atractiva a nivel internacional no eido da I+D+i realizando campañas de comunicación, eventos ou participando en congresos. Completarase o portal Innovarede -plataforma que aglutina as capacidades e oferta de I+D+i dos centros e entidades de investigación de Galicia- coa publicación de ofertas de emprego. Ademais, impulsarase a oficina de talento internacional ofrecendo unha atención integral a todos os profesionais.

Con este conxunto de actuacións preténdese situar as persoas como activo principal así como posicionar Galicia e o seu ecosistema de I+D+i tanto a nivel europeo como internacional como un entorno atractivo para vivir e para desenvolver o potencial profesional das persoas investigadoras e tecnólogas.

Este convenio permite á Xunta seguir avanzando no seu obxectivo de mellorar a competitividade do ecosistema investigador galego coa transferencia de resultados á empresa e a creación de emprego cualificado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,4€ A COFINANCIAR A CONTRATACIÓN DE 48 CIENTÍFICOS DOS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL E JUAN DE LA CIERVA NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- O Consello autoriza os convenios a través dos cales a Consellería de Educación asume os gastos de incorporación a tempo completo destes investigadores nos campus galegos, sen custos adicionais para os organismos universitarios
- Esta acción enmárcase dentro das liñas estratéxicas do Goberno galego de captación, formación e retención do talento no Sistema universitario de Galicia

A Xunta de Galicia achegará un total de 1.416.000 euros ás tres universidades públicas galegas para a incorporación dun total de 48 científicos dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva, que traballarán como investigadores nos campos universitarios de Galicia nos próximos anos, sen que iso supoña ningún custo adicional para as arcas dos organismos universitarios.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a dous convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo segundo o cal o departamento educativo autonómico cofinancia a contratación, por parte das universidades galegas, de 36 científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma estatal Ramón y Cajal, e outros 12 científicos do programa Juan de la Cierva.

Grazas ao apoio da Consellería, a USC, a UDC e a UVigo poderán contratar laboralmente os candidatos seleccionados a tempo completo durante os anos que duren estes programas e coas condicións establecidas nos mesmos

Programa Ramón y Cajal

Ao abeiro do convenio autorizado hoxe, o Goberno galego -no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026- destina un total de 1.296.000€ a financiar a contratación de 36 investigadores do programa Ramón y Cajal por parte das tres universidades galegas a razón de 17 na USC, 12 na UVigo e 7 na UDC, cuxos salarios e cotas empresariais da Seguridade Social corren a cargo da Administración xeral do Estado.

A Consellería de Educación sufraga os gastos asociados de contratación dos científicos deste programa en Galicia durante o período de cinco anos que dura o contrato, cunha contía de 36.000€, a razón de 6.000 €/ano por persoa contratada durante os tres primeiros anos, e 9.000€/ano durante os dous seguintes anos de contrato. Deste xeito, a súa incorporación aos campus galegos non supón ningún custo adicional para as arcas das universidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada en centros de I+D a través de contratos laborais ao longo de cinco anos. A través do programa de captación de talento, trátase de incentivar e apoiar accións de incorporación de científicos de alto nivel sen que iso comporte unha carga orzamentaria para as universidades, centros de investigación ou grupos onde desenvolvan a súa actividade.

Programa Juan de la Cierva

O Consello tamén aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as tres universidades públicas galegas ao abeiro do cal financia con 120.000 euros á captación do talento de 12 investigadores (catro na USC, tres na UVigo e outros tres na UDC) a través do programa Juan de la Cierva na modalidade de formación.

A través deste convenio autorizado hoxe, o departamento educativo da Xunta de Galicia asume o 20 % do importe total do contrato, unha parte que en outras comunidades autónomas teñen que costear as propias universidades e que, no caso de Galicia, desde o ano 2012, cando se habilitou esta acción, non supón ningún custo para os organismos universitarios galegos.

No caso dos contratos Juan de la Cierva na modalidade de formación, teñen unha duración de dous anos e un importe total de 25.000 euros por ano para cada investigador, dos cales a Xunta financia 5.000 euros por contrato e ano.

A finalidade é incentivar as universidades galegas para que se presenten á convocatoria destes programas, sabendo que non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio.

O obxectivo das axudas do programa estatal de promoción do talento Juan de la Cierva é fomentar a contratación laboral de xoves doutores por un período de dous anos, co obxecto de que afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE SANTO TOMÉ DE ANCORADOS DA ESTRADA

- O Consello da Xunta dá luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, a Arquidiocese de Santiago e o Concello da Estrada por máis de 50.000 euros
- Esta peza barroca é de gran calidade estética pero atópase actualmente moi deteriorada con varias perdas de elementos decorativos e faltas de policromía

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a Arquidiocese de Santiago de Compostela e o Concello da Estrada co que o Goberno autonómico impulsa a restauración do retablo maior da Igrexa de Santo Tomé de Acorados, catalogada e protexida, cun investimento de máis de 50.000 euros.

Esta peza é de estilo barroco e de gran calidade estética, chea de motivos decorativos vexetais realizados en dourado. Nestes momentos atópase en moi mal estado de conservación, con perdas de elementos decorativos, grave ataque de insectos xilófagos, faltas de policromía, repintes xeneralizados e remodelacións estruturais que fan necesario realizar actuacións de restauración para a conservación do ben.

Para solucionar estas deficiencias, o convenio prevé actuar en dúas fases entre este ano e o 2024. Na primeira realizaranse tarefas de limpeza, desmontaxe e desinsectación cunha empresa especializada. A segunda fase incluírá o pechamento de xuntas e gretas, o saneado e consolidación do soporte, eliminación de repintes, fixación de policromías, tratamento de elementos metálicos e actividades de protección e vernizado final, entre outras actuacións.

Compromiso co patrimonio

A Arquidiocese de Santiago de Compostela é o titular do inmovible e beneficiario final da axuda, que pon a disposición do Concello da Estrada para que sexa o que execute as actuacións para a restauración do retablo. O convenio enmárcanse no compromiso da Xunta de Galicia pola conservación e protección do patrimonio artístico da Comunidade, así como na colaboración estable que a Consellería mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

Esta igrexa é un ben catalogado polo Plan xeral de ordenación municipal do concello da Estrada. Tanto o templo como a súa contorna gozan de protección integral. É unha igrexa románica da segunda metade do século XII, con nave única e ábsida rectangular, cuberta a dúas augas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Conserva trazas románicas na decoración de capiteis e portada principal, a pesar das reformas e ampliacións sufridas ao longo dos séculos, como a substitución da techumbre de madeira por unha de pedra ou a adición dunha sancristía no muro norte do ábsida. No testeiro do ábsida destaca a ventá con arquivoltas sobre columnas e sobre a cuberta do ábsida, a cruz de entrelazos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 60.000€ NA RESTAURACIÓN DA IGREXA DE SAN SALVADOR DE NOALLA, EN OURENSE

- O Consello da Xunta dá luz verde a un convenio entre a Consellería de Cultura, a Diocese de Ourense e o Concello de San Cibrao das Viñas para reparar os danos que afectan a conservación do inmovible
- Está previsto solucionar os problemas da cuberta, eliminar os elementos alleos e renovaranse as carpintarías tanto de portas como de fiestras

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a Diocese de Ourense e o Concello de San Cibrao das Viñas para actuar na igrexa parroquial de San Salvador de Noalla. Trátase dun acordo bianual dotado con máis de 60.000 € que permitirá reparar os danos que afectan na actualidade á conservación do inmovible.

Así, as actuacións contempladas ao abeiro deste acordo inclúen a solución dos problemas que afectan a cuberta. Neste senso, está previsto retirar tella, canalóns e o sistema de cubrición para, posteriormente, aplicar un tratamento funxicida. Así mesmo, tamén se cambiarán os pontóns deteriorados e proxectarase unha nova cuberta con tella cerámica curva e novos canlóns e baixantes.

Os traballos prevén igualmente a eliminación do casetón que dá acceso á cuberta, instalando no seu sitio unha fiestra tipo velux de carpintaría de madeira. Ademais, cambiaranse as madeiras deterioradas do coro, portas e fiestra e aproveitarase a actuación para eliminar elementos alleos, como o altofalante. Por último, actuarase na iluminación colocando novos proxectores.

A colaboración autorizada hoxe polo Consello da Xunta para actuar neste templo do concello ourensán de San Cibrao das Viñas, incluído no ámbito de protección municipal, remata en setembro de 2024 e encádrase no compromiso do Goberno galego para contribuír á conservación, mellora e protección do patrimonio artístico e histórico da Comunidade. Así mesmo, enmárcase na colaboración estable que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN PAQUETE DE MEDIDAS PARA AS PERSOAS MAIORES, NENOS E ADOLESCENTES POR UN MONTANTE TOTAL DE 133 MILLÓNS DE EUROS

- O Consello aborda un informe sobre a primeira Estratexia galega de atención á soidade non desexada, que inclúe un plan de acción con medidas concretas centradas na sensibilización; a detección; a prevención, o envellecemento activo e a participación na comunidade; e o apoio e acompañamento
- Esta Estratexia contempla, entre outras medidas, a implantación dun protocolo de detección e atención temperá, a elaboración dun censo, a creación dun Consello de monitorización e avaliación da atención e a creación dunha central multicanal de atención xestionada por profesionais do ámbito social
- Destínanse 7,7 millóns de euros a consolidar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal no vindeiro curso 2023-2024
- Apróbanse dous convenios de colaboración con Aldeas Infantiles SOS Galicia e coa Fundación Juan Soñador para dar continuidade ao programa de acollemento en familia extensa e ao de atención integral a menores en risco de desamparo e desprotección

O Consello da Xunta abordou hoxe un paquete de medidas para mellorar a atención ás persoas maiores e á infancia que no seu conxunto suman un investimento de 133 millóns de euros. Trátase da primeira Estratexia galega de atención á soidade non desexada, da nova orde para consolidar a gratuidade en escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal e de dous convenios de colaboración con Aldeas Infantiles e coa Fundación Juan Soñador para a atención de nenos, mozos e adolescentes en risco de desamparo e desprotección.

Así, na reunión do Executivo autonómico abordouse o informe sobre a Estratexia de atención á soidade non desexada, que inclúe un plan operativo con accións concretas para actuar ante este problema que afecta á vida de cada vez máis persoas en Galicia e no conxunto de España. Este plan de acción fundaméntase en catro piares básicos: a sensibilización; a detección; a prevención, o envellecemento activo e a participación na comunidade; e o apoio e acompañamento.

As medidas que contempla esta Estratexia son, entre outras: a implantación dun protocolo de detección e atención temperá a persoas en situación de soidade non desexada, a elaboración dun censo, a creación dun Consello de monitorización e avaliación da atención e o desenvolvemento de programas específicos de formación e sensibilización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rede galega de atención á soidade non desexada

A proposta tamén inclúe a posta en marcha dunha Rede galega de atención á soidade non desexada, que contará cunha central multicanal de atención xestionada por profesionais do ámbito social. A través desta central prestarase atención telefónica, xestionaranse alertas dos equipos de teleatención domiciliaria; facilitarase a accesibilidade e derivación a outros servizos e coordinarase a atención presencial nos puntos específicos de atención.

Estas medidas complementarán outras que xa están en marcha como os programas para o envellecemento activo 'Benestar en balnearios' e 'Xuntos polo nadal'; así como os servizos de atención no fogar ou de proximidade, como poden ser o 'Xantar na casa', 'Coidados porta a porta', o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ou a Teleasistencia.

Todas estas actuacións, que se desenvolverán de maneira progresiva, supoñen un investimento anual de arredor de 125 millóns de euros.

Gratuidade nas escolas infantís municipais

Unha segunda iniciativa que se aprobou esta mañá en Consello é a nova orde de axudas para dar continuidade no curso 2023-2024 á gratuidade nas escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o 100% do alumnado. O importe destinado a esta liña de axudas é de 7,7 millóns de euros e está previsto subvencionar a 138 centros de toda Galicia.

As entidades que se acollan a estas axudas recibirán un pagamento anticipado do 100% das cantidades correspondentes á primeira anualidade e de ata o 90% da achega que corresponda ao ano 2024. Unha vez que esta orde se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) abrirase o prazo de presentación de solicitudes dos días 1 ao 30 do vindeiro mes de setembro.

Con esta medida, a Xunta asume as contías que terían que aboar á escola infantil municipal unhas 6.700 familias galegas durante once meses, as cales non terán que pagar nada pola atención educativa de 0 a 3 anos dos seus fillos. Estas familias únense ás máis de 23.000 que leven aos seus nenos ás escolas infantís da Xunta, ás de entidades sociais ou ás privadas.

Atención a menores vulnerables

Por último, completa este paquete de medidas a aprobación de dous convenios de colaboración para a atención a nenos, mozos e adolescentes en situación de desamparo e desprotección. O primeiro deles é con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa neste ano 2023 e contará cun orzamento de 457.000 euros. Desta cantidade, a Xunta achega 173.000 euros e o resto –284.000 euros– corren a cargo da propia entidade.

A través deste programa poderanse atender 130 menores en situación de risco ou desamparo que son acollidos por membros da súa propia familia, aos que se lles dá unha atención adaptada ás necesidades de cada caso. Con todos estes fogares realízanse labores de orientación en coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares cando é preciso.

O segundo convenio que hoxe recibiu luz verde é coa Fundación Juan Soñador por un importe de 196.000 euros e ten por obxecto seguir apoiando o programa de atención integral que esta organización leva a cabo con menores que están baixo a tutela da Administración autonómica. O Goberno galego destina 172.000 euros para este fin, un 9% máis respecto ao ano anterior; e a fundación achega a cantidade restante –24.000 euros–.

O programa actúa en catro campos: a atención escolar, para o apoio educativo destes menores; o desenvolvemento persoal e social, a través de titorías e obradoiros centrados na educación emocional; a dinamización do ocio e o tempo libre, co que se realizan actividades lúdicas e culturais de cara a un crecemento saudable; e a atención familiar, mediante o acompañamento a estas no proceso de acollemento. Prevese que este ano 2023 se beneficien deste programa máis de 400 nenos e adolescentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON 10M€ A INSERCIÓN LABORAL DE PRETO DE 4.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE CON AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- O Goberno galego promove a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo en 124 centros especiais de emprego (CEE) rexistrados
- Coa medida, a Xunta outorgará ata 25.000 euros pola xeración de postos indefinidos para traballadores con especial dificultade para a inserción
- Este programa de axudas, que se aproba hoxe, financiará as actuacións correspondentes aos meses de xullo a novembro completando, así, os apoios autonómicos para este fin da anualidade 2023
- Nos vindeiros meses convocarase un novo programa por preto de 25 millóns para sufragar as accións comprendidas entre decembro de 2023 ata novembro de 2024

O Goberno destinará preto de 10 millóns de euros para financiar entre os meses de xullo a novembro deste ano as axudas dirixidas a favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego (CEE). Con esta iniciativa, a Xunta agarda poder beneficiar preto de 4.000 persoas traballadoras con discapacidade e crear máis de 125 postos de traballo indefinido.

A Xunta dirixe estas achegas aos 124 centros especiais de emprego que constan no Rexistro Administrativo da Comunidade. Grazas a elas contratarase tamén a 110 profesionais para dar apoio nos centros a 690 persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo.

A iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade inclúe tres liñas de axuda: a primeira, para o mantemento do custo salarial nos CEE; unha segunda para financiar as unidades de apoio á actividade profesional; e, unha terceira, que promoverá a creación de postos estables para persoas con discapacidade e a adaptación de postos nestes centros.

A liña que conta con máis orzamento, 9,1 millóns de euros, destinarase a manter os custos salariais e os empregos das persoas traballadoras con discapacidade nos CEE, que recibirán importes equivalentes ao 50 % do salario mínimo interprofesional (SMI).

Un total de 500.000 euros destinaranse, pola súa banda, a financiar os custos salariais da contratación indefinida do persoal das unidades de apoio a esas persoas con maiores obstáculos para atopar traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O resto, 335.000 euros, distribuirase en achegas para dar estabilidade aos postos de traballo mediante a contratación indefinida (máximo de 7 postos por centro subvencionables) con incentivos de ata 25.000 euros por posto creado a xornada completa en función das características da persoa traballadora; e para a adaptación de postos de traballo as condicións das persoas con ata 2.000 euros por cada un.

Con esta iniciativa o Goberno galego está a favorecer a integración laboral de persoas con discapacidade no sistema produtivo a través dos centros especiais de emprego, un mecanismo que pode servir de tránsito ao seu paso ao mercado ordinario de traballo.

Este programa de axudas, que se aproba hoxe no Consello da Xunta, completa os apoios autonómicos destinados para este fin correspondentes á anualidade 2023 (son 10 millóns de euros para os meses de xullo a novembro). A última orde desta iniciativa contou cun orzamento de máis de 24,1 millóns de euros para financiar as accións desde o 1 de xullo de 2022 ao 30 de xuño de 2023; e nesa ocasión incrementouse a dotación orzamentaria inicial pasando dos 20.000.000 euros da convocatoria 2021-2022 aos 24.178.000 euros da de 2022-2023, o que supuxo un incremento porcentual do 20,89 %.

Nos vindeiros meses convocarase un novo programa por máis de 25,7 millóns para sufragar as accións comprendidas entre decembro de 2023 ata novembro de 2024.

Nos últimos 12 anos, o número de persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia multiplicouse por case tres veces, pasando das 1.296 persoas de 2009 ás 3.820 de 2022.

As axudas que hoxe se aprobaron en Consello, encádranse nos diferentes programas da Xunta de apoio á discapacidade e ás persoas en exclusión social que este ano contan con máis de 44,4 millóns de orzamento destinado a favorecer a empregabilidade e formación para o emprego adaptada ás necesidades destes colectivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 7,5 M€ PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS CON INCENTIVOS DE ATA PRETO DE 20.000 EUROS POR PERSOA MOZA

- O programa prevé incorporar entre 500 e 800 persoas en toda Galicia, ás que se lles ofrece a oportunidade de acceder a contratos de formación e de recibir cualificación en competencias brandas para mellorar o desempeño dos seus traballos
- Segundo o aprobado hoxe no Consello da Xunta, haberá axudas para a contratación de mozas e mozos tanto con titulación como sen cualificación acreditable, a tempo completo e por un período de doce meses

A Xunta incentivará a contratación de menores de 30 anos por parte de empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís e comunidades de bens con contías de ata preto de 20.000 euros por persoa. A nova edición do programa aprobada hoxe polo Consello do Goberno galego dispón dun orzamento superior aos 7,5 millóns de euros, que se destinarán a apoiar a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de doce meses de duración.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade busca así mellorar a empregabilidade deste colectivo prioritario nas súas políticas, contribuíndo a reter o talento xuvenil na comunidade. En concreto, trátase dun programa mixto, que ademais de impulsar con apoios económicos a contratación a tempo completo, ofrece formación en competencias brandas, unha combinación de habilidades sociais e de comunicación, actitudes, intelixencia social e emocional, moi demandadas polo mercado laboral.

A Xunta quere así atender as necesidades específicas de emprego no tramo de idade de menores de 30 anos. Deste xeito, artellou dúas liñas de axuda: a primeira para contratar mozas e mozos con titulación ou certificación profesional; e a segunda, para brindar unha oportunidade tamén ás rapazas e rapaces que carezan de cualificación profesional recoñecida.

En ambos os dous casos, os contratos formativos que se concerten deben ir dirixidos a menores de 30 anos que residan en Galicia e que se atopen en situación de desemprego e con inscrición no Servizo Público de Emprego. Así, facilitaráselles un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego abrindo camiño á súa inserción laboral xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta pretende chegar con este programa a entre 500 e 800 persoas mozas desempregadas, algo que dependerá do grupo de cotización ao que pertencen cada unha delas. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con contías que van dos 9.975 euros aos 16.625 segundo ese criterio. A esas cantidades, hai que sumar as destinadas á formación en competencias brandas, 2.000 euros no caso de ser presencial e 1.000 euros en formato de teleformación.

Programas de fomento do emprego xuvenil

O programa forma parte do paquete de medidas da Xunta para o fomento do emprego xuvenil, unha firme aposta dotada con máis de 27 millóns de euros neste 2023, e con políticas de emprego deseñadas especificamente para este sector de poboación.

Neste plan, ademais da iniciativa aprobada hoxe en Consello, enmárcase o programa Investigo para a xeración de emprego xuvenil no eido da investigación, o novo programa de contratación para a mocidade ou os obradoiros de emprego para persoas mozas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AMPLÍA O INVESTIMENTO PARA FORMACIÓN EN SECTORES ESTRATÉXICOS A FIN DE DAR RESPONSA ÁS VACANTES QUE EXISTEN NO MERCADO DE TRABALLO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe addendas aos convenios que se asinaron no mes de xaneiro cos clústeres e entidades do naval, a automoción, o sector metalmecánico, das enerxías renovables, TIC, construción, comercio, hidróxeno e minaría
- Destinaranse máis de 3,3 millóns de euros, o que permitirá cualificar máis de 7.670 traballadores
- Esta actuación permitirá en global este ano a cualificación de 15.200 persoas a través de 770 cursos grazas a un financiamento de preto de 6,7 millóns de euros
- A iniciativa busca dar resposta ás vacantes laborais axustando a formación aos perfís que demandan as empresas

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade amplía con máis de 3,3 millóns de euros o investimento con que este ano está a apoiar a formación nos sectores estratéxicos de Galicia para dar resposta ás vacantes laborais que existen na actualidade no mercado de traballo. Para iso, o Consello da Xunta autorizou hoxe addendas aos convenios de colaboración que se asinaron no mes de xaneiro cos clústeres e entidades do naval, a automoción, o sector metalmecánico, das enerxías renovables, TIC, construción, comercio, hidróxeno e minaría. Esta actuación permitirá ampliar a cualificación a outras 7.670 persoas traballadoras ou que buscan emprego coa impartición de 483 cursos novos.

Así, en total, cos convenios iniciais e a sinatura desdas addendas, prevese que se formen ao longo de 2023 unhas 15.200 persoas a través de 770 accións formativas grazas a un apoio autonómico de preto de 6,7 millóns de euros dirixido, en concreto, aos clústeres do sector naval galego (Aclunaga); da automoción (Ceaga); das enerxías renovables (Cluergal); do sector do metal (Asime); e das TIC; e á Federación Galega de Comercio; á Fundación Laboral da Construción; á Cámara Oficial Mineira de Galicia (Comg); e á Asociación Galega do Hidróxeno (AGH2).

O obxectivo desta iniciativa é contribuír a axustar a formación dos traballadores cos perfís que están a demandar as empresas, o que permitirá o incremento da competitividade do tecido produtivo de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A formación para o emprego que se imparte no marco desta acción (financiada mediante fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia) ten que estar vinculada co Catálogo nacional de cualificacións profesionais, polo que cos coñecementos adquiridos pódese participar no procedemento de acreditación de competencias para a obtención dun certificado de profesionalidade.

É preciso lembrar que o Consello da Xunta declarou de carácter prioritario a cualificación nestes nove sectores e no primario e función loxística, así como en proxectos industriais declarados estratéxicos polo Goberno galego e tamén naqueles outros sectores que poidan ser definidos como tales en función do seu peso no tecido produtivo galego ou das características particulares da súa poboación traballadora no eido formativa.

Estes sectores, ademais, teñen un carácter relevante na transición verde e dixital pola que se está a apostar no actual contexto socioeconómico. A formación nestes ámbitos é un compromiso da Xunta de Galicia por dotar as persoas desempregadas e ocupadas das competencias precisas que aumenten as súas oportunidades de traballo.

A iniciativa encádrase, polo tanto, nas accións que está a acometer o Goberno galego para dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisan as empresas. De feito, a Xunta o pasado ano tamén asinou convenios de colaboración con clústeres e entidades representativas do tecido empresarial de Galicia por unha contía de máis de 5,7 millóns, o que permitiu cualificar máis de 10.000 galegas e galegos. En 2022, a actuación levouse a cabo cos clústeres do sector naval galego (Aclunaga); da automoción (Ceaga); das enerxías renovables (Cluergal); do sector do metal (Asime); do tecnolóxico empresarial das ciencias da vida de Galicia (Bioga) e das TIC; e coa Federación Galega de Comercio; a Fundación Laboral da Construción; e a Federación Galega de Redeiras Artesás.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA ATA OS 3,5 M€ AS AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS NO MERCADO INTERIOR

- Estas achegas teñen como obxectivo o financiamento de actividades de promoción que se desenvolvan no cuarto trimestre de 2023 e mesmo as que, iniciándose nese trimestre, rematen no mes de xaneiro de 2024
- Nesta convocatoria autorízase a exención de achega de garantías por parte dos beneficiarios, de modo que os produtores máis pequenos poidan gozar destas achegas sen necesidade de presentar un aval

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización mediante a cal se convocan un millón de euros adicionais para as subvencións a grupos de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos no mercado interior, enmarcadas no Programa de desenvolvemento rural (PDR) para Galicia 2014-2020. Na primeira convocatoria o orzamento era de 2,5 millóns.

Estas axudas servirán para financiar as actividades de promoción que se desenvolvan no cuarto trimestre de 2023 e mesmo as que, iniciándose nese trimestre, rematen no mes de xaneiro de 2024. Cabe sinalar que a primeira convocatoria de axudas desta liña cubriu aquelas accións promocionais a realizar durante os tres primeiros trimestres de 2023. Polo tanto, o orzamento total amplíase ata acadar os 3,5 millóns de euros.

Os beneficiarios destas subvencións son asociacións sen ánimo de lucro nas que participan produtores implicados nalgún programa de calidade diferenciada dos alimentos e, sobre todo, os consellos reguladores dos distintos produtos agroalimentarios con indicativo de calidade.

A diferenza doutras convocatorias de liñas semellantes, neste caso, o Consello da Xunta autorizou hoxe a exención de achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos a conta nestas subvencións, o que implica que non necesitarán presentar avais bancarios. Optouse por levar a cabo esta modificación tendo en conta especialmente os consellos reguladores que xestionan denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas con volumes de actividade económica menores, co fin de facilitar a xestión e aumentar as posibilidades de posicionamento de produtores e industrias.

Grazas a esta modificación, estes produtores poderán cobrar pagamentos parciais nos expedientes de axudas sen ter que constituír garantía ningunha para avalar as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cantidades cobradas. Isto supón unha mellora para estes beneficiarios, que poderán mellorar a comercialización dos seus produtos agroalimentarios dentro e fóra das nosas fronteiras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CATRO TITULADOS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA BENEFICIARANSE DE BOLSAS QUE CONVOCARÁ A XUNTA PARA PERFECCIONAR A SÚA FORMACIÓN

- O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto destas bolsas para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura
- A elas a Consellería do Mar destina máis de 94.000 euros e os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero no que a titularidade é da Administración
- Con iniciativas coma esta o Executivo galego busca favorecer a capacitación das persoas tituladas no ciclos de acuicultura e ofrecer unha formación integral para facilitar o seu acceso ao mundo laboral

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos en materia de acuicultura. Estas bolsas de especialización son para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos durante dous anos no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa) da Illa de Arousa e a elas a Consellería do Mar destina máis de 94.000 euros.

As estadias serán en réxime de empresa tutelada, é dicir, os titulados realizarán as prácticas laborais nun ámbito de empresa ficticia no que se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero no que a titularidade é da Administración responsable do proceso de formación. Isto implica que cada unha das persoas beneficiadas polas bolsas contará con tutores que designará a Consellería do Mar e que se encargarán de elaborar un plano formativo para as persoas beneficiarias das bolsas.

Poderá optar a estas bolsas o alumnado titulado nalgún dos centros formativos situados en Galicia como técnicos/as medios en Operacións de Cultivo Acuícola, técnicas/os medios en Cultivos Acuícolas, técnicas/os superiores en Produción Acuícola e técnicas/os superiores en Acuicultura, sempre que non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin.

O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 900 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día que se publique a orde da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Nela as persoas interesadas poderán consultar as bases e requisitos para a presentación de solicitudes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante a formación práctica que se ofrece a través destas bolsas, a Xunta busca favorecer a capacitación dos titulados no ciclos de acuicultura e ofrecer unha formación integral e perfeccionada. O obxectivo de iniciativas coma esta é favorecer a especialización do alumnado e facilitar o seu acceso ao mundo laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O REFORZO POR PARTE DA XUNTA DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA ESTE VERÁN NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS

- Destaca que se investirá 145.000 euros, o que supón o orzamento máis elevado nos 11 anos para este fin e que beneficiará a 14 municipios, catro máis que no pasado exercicio
- Lembra que o Goberno galego leva investidos 973.000 euros desde a posta en marcha do plan en 2012
- Cada concello poderá recibir entre 5.000 e 19.500 euros para sufragar parte dos gastos de contratación

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe as novas contratacións por parte da Xunta de Galicia de auxiliares de Policía Local para este verán naqueles concellos declarados municipios turísticos -aqueles que contan con máis de 5.000 habitantes e que dispoñan deste corpo de seguridade- co obxecto de reforzar a súa seguridade tendo en conta que multiplican a súa poboación durante a época de estío.

Rueda precisou que o *Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de Policía Local*, do que se informou hoxe no Consello da Xunta, destina este ano un total de 145.000 euros para subvencionar as contratacións en 14 concellos turísticos, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2023, "o que supón catro municipios máis que o pasado ano", puxo en valor, á vez que salientou que se trata do orzamento "máis elevado nos 11 anos que leva en marcha este programa, só igualado en 2011". Precisamente, lembrou que desde 2012 a Xunta investiu case 1 millón de euros en este tipo de axudas.

Consonte os criterios de selección, o mandatario galego precisou que este verán recibirán as axudas á contratación de auxiliares de policía local este ano Baiona, Cambados, Cangas, O Grove, A Guarda, Miño, Monforte de Lemos, Nigrán, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Poio, Sanxenxo, Tui e Vilagarcía de Arousa.

As contías distribúense tendo en conta a porcentaxe que representan as prazas hoteleiras en cada concello sobre a cifra de poboación, e son beneficiarios os concellos que experimentan na tempada de verán un incremento estacional de poboación e que teñan un mínimo de 1.000 prazas.

Deste xeito, Rueda apuntou que nos municipios nos que as prazas de aloxamento supoñan máis da metade sobre o total de habitantes reciben axudas por importe de 19.500 euros, como é o caso de Sanxenxo e O Grove. Nos concellos que as prazas de aloxamento representan máis do 25% -isto é Baiona, A Guarda e Miño- a contía máxima

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

é de 12.000 euros, mentres que nos que como Cangas, Nigrán, Padrón, Poio e A Pobra do Caramiñal, a porcentaxe supera o 15%, a subvención é dun máximo de 10.000 euros. Cambados, Tui, Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos recibirán 5.000 euros en cada caso, debido a que as prazas de aloxamento en comparación coa poboación é inferior ao 15 %.

Outros criterios de selección

Outros criterios de selección foron dispoñer da declaración como municipios turísticos galegos; ter unha poboación igual ou superior a 5.000 habitantes segundo as cifras oficiais de poboación de 2022; contar cun corpo de policía local, e participar no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 17 de febreiro de 2023.

Alternativamente requiriuse ter convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local durante este ano, e ter remitidas as bases da dita convocatoria á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para os efectos da emisión de ditame.

Desde a posta en marcha do plan, en 2012, o Goberno galego leva investidos 973.000 euros no financiamento da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade. Nesta liña, cómpre salientar que o orzamento de 2023 é o máis elevado dos 11 anos de aplicación, só igualado en 2021.

A Xunta colabora desta forma cos concellos máis turísticos de Galicia co obxectivo de reforzar a eficacia dos seus corpos policiais. A medida enmárcase ademais no compromiso para facilitarlles ás administracións locais a prestación de servizos a prol da seguridade de veciñanza e visitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA PON EN VALOR A INCORPORACIÓN DE MÁIS DE 600 NOVOS SOCORRISTAS AO REXISTRO AUTONÓMICO DESDE MAIO E CONSECUENCIA DA AMPLIACIÓN DAS VÍAS DE ACCESO ACORDADO POLA XUNTA, FEGAMP E ENTIDADES DO SECTOR

- Salienta que con estas incorporacións, Galicia conta na actualidade con case 4.000 socorristas acreditados, un 30 % máis que o ano pasado
- O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe que avalía o incremento de persoas inscritas tras a entrada en vigor o pasado maio do novo Decreto polo que se regulan as condicións par ao exercicio profesional das actividades de socorrismo
- A ampliación das novas vías de acceso facilítalles aos concellos unha prestación de calidade deste servizo municipal a prol da seguridade dos bañistas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo hoxe en valor a incorporación de máis de 600 novos socorristas desde o pasado mes de maio ao Rexistro profesional autonómico, consecuencia da ampliación das vías de acceso ao exercicio desta actividade e que foi acordada polo Goberno galego, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as entidades profesionais do sector, e que se levou a cabo, segundo precisou, "sen descoidar a necesaria capacitación".

Con estas máis de 600 incorporacións, o mandatario galego salientou que Galicia conta, na actualidade, con case 4.000 socorristas acreditados, 3.785, "o que supón un 30 € máis que o ano pasado", remarcou.

Rueda lembrou que en Galicia é preciso estar inscrito no Rexistro profesional de socorristas para poder esta profesión, e para incribirse hai que cumprir unha serie de requisitos de formación e experiencia. Neste senso, defendeu que a Xunta leva anos apostando pola profesionalización deste sector para ofrecer un servizo de calidade e con todas as garantías.

Consecuentemente, explicou que en maio deste ano entrou en vigor un novo decreto polo que se amplían as vías de acceso a est Rexistro, no que regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galicia.

Das novas inscricións, máis dun cento realizáronse a través da nova vía de acceso do curso de 240 horas de formación específica en socorrismo en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais. A acción formativa inclúe módulos de prevención en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

situacións de risco e vixilancia, de intervención e rescate, e de primeiros auxilios e actuación inicial en emerxencias, así como unha proba específica.

Xunto a esta, incluíronse como novas vías de acceso a posesión de título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría ou de títulos de grao medio ou superior de formación profesional que teñan socorrista dentro da súas competencias profesionais.

Ademais das novas vías de acceso, a modificación do decreto incorporou as empresas públicas e privadas como entidades autorizadas para impartir os cursos de formación continua en materia de socorrismo, sempre que figure nos seus estatutos a formación como un dos seus obxectivos e dispoñan das instalacións, profesorado e material esixido. Neste sentido, o informe recolle que desde maio xa houbo 10 solicitudes destas empresas para a formación en socorrismo de 230 alumnos.

Facilitar os concellos a contratación de persoal socorrista

A ampliación das vías de acceso busca facilitarlles aos concellos a contratación de persoal socorrista, ante as dificultades manifestadas o pasado verán para garantir a prestación dun servizo de calidade a prol da seguridade dos bañistas. Con este obxectivo, a Xunta, a Fegamp e asociacións e colectivos que traballan nese ámbito, como a Federación Galega de Salvamento e Socorrismo, Cruz Vermella, Asociación de Búsqueda e Salvamento de Galicia e Clúster Galego da Industria do Deporte e do Benestar, entre outras, consensuaron o incremento das vías de acceso e as entidades capacitadas para a formación.

A medida súmase ás que xa viña desenvolvendo a Xunta na súa aposta pola profesionalización na prestación deste servizo de competencia municipal mantendo a súa calidade. Deste xeito, o Goberno galego publicou hai un ano o decreto para regular a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo tanto nos espazos acuáticos naturais (praias e augas interiores) como nas instalacións acuáticas (piscinas e instalacións acuáticas) de Galicia.

O novo decreto publicado en 2021 e que renova o de 2012 xa aumentaba as posibilidades de acceso ao Rexistro Profesional de Persoal Socorrista de Galicia. Por unha banda, para que o maior número de persoas poidan desenvolver a actividade de socorrismo profesionalmente en Galicia e, por outra, conseguir un número suficiente de profesionais que dean cobertura á demanda de socorristas, mantendo o nivel de cualificación e calidade na prestación dos servizos de socorrismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 5 M€ EN AMPLIAR E MELLORAR OS EQUIPOS DE RADIOLOXÍA DE ATENCIÓN PRIMARIA

- O Executivo galego licitará esta semana, por un importe de 4,7 millóns de euros, a adquisición de novas salas de Raios X dixitais para 29 centros de atención primaria, que atenden a máis dun millón de galegos
- Os centros de saúde de Ortigueira, Pontedeume e Rianxo contarán, por primeira vez, con servizo de radioloxía nas súas instalacións
- Xunto ao anterior, iníciase o trámite de adquisición, por máis de 370.000 euros, dunha unidade móbil cun equipo de radioloxía que se desprazará a centros de saúde das contornas rurais e semirrurais
- O Goberno galego licitará novos contratos nos vindeiros meses para dotar todos os centros de primaria galegos de novos equipos diagnósticos que mellorarán a súa capacidade resolutiva

A Xunta de Galicia vai investir máis de cinco millóns de euros en ampliar e mellorar os equipos de radioloxía de atención primaria. Ao respecto, o Sergas licitará esta semana, por un importe de 4,7 millóns de euros, a adquisición de novas salas de raios X dixitais para 29 centros de atención primaria que atenden máis dun millón de galegos. Así se desprende dun informe da Consellería de Sanidade que hoxe abordou o Goberno que preside Alfonso Rueda, na súa reunión semanal.

Con esta medida, a Xunta reforza a súa aposta por unha atención primaria máis resolutiva, e iso pasa por ter unha maior capacidade diagnóstica para facer unha mellor prevención da enfermidade e acadar diagnósticos precoces que eviten complicacións posteriores nos pacientes; e, ademais, supón levar a cabo un mellor seguimento dos pacientes crónicos e pluripatóxicos, cada vez máis abundantes en Galicia, e que requiren dunha atención específica polo conxunto do equipo de atención primaria.

Estes expedientes de equipos de radioloxía son os primeiros dunha serie de contratos con que o Sergas pretende dotar a totalidade de centros de saúde galegos de novos equipos diagnósticos que melloren a súa capacidade resolutiva.

Ademais, o informe tratado no Consello de hoxe sinala tamén que a Xunta xa iniciou o trámite de adquisición, por máis de 370.000 euros, dunha unidade móbil cun equipo de radioloxía que se desprazará a centros de saúde das contornas rurais e semirrurais. Tamén recolle o documento que o Goberno galego licitará novos contratos nos vindeiros meses para dotar todos os centros de primaria galegos de novos equipos diagnósticos que mellorarán a súa capacidade resolutiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novas salas

Tal e como detallou o conselleiro de Sanidade na reunión do Consello, o contrato de adquisición de 29 novas salas implicará renovar 14 salas dun detector nos centros de saúde de Arzúa, O Ventorrillo (A Coruña), Val Miñor (Nigrán), Ribadavia, Xinzo de Limia, O Carballiño, Mondoñedo, Ribadeo, Becerreá, Guitiriz, Palas de Rei, Sarria, Chantada e Quiroga.

Ademais, incorpóranse tres salas dun detector a centros de saúde que non dispoñían de servizo de Radioloxía, como son os de Rianxo, Ortigueira e Pontedeume; e amplíanse oito salas, substituíndo equipos dun detector por dous no centro Concepción Arenal de Santiago de Compostela, no da praza de Ferrol en Lugo, en Carballo, en Lalín, en Ponteareas, no PAC de Santiago, no PAC do Barco de Valdeorras e no PAC de Verín.

Renóvanse, así mesmo, tres salas de dous detectores nos centros de saúde de Fontenla Maristany en Ferrol, no Taboada Leal de Vigo e no PAC de Ourense, e incorpórase unha sala de dous detectores ao novo Centro Integral de Saúde de Lugo, de próxima apertura.

Unidade móbil de Raios X

Dentro do obxectivo de mellorar a capacidade diagnóstica de atención primaria, a Xunta iniciou tamén a tramitación do expediente destinado á subministración dunha unidade móbil de raios X, co obxectivo de reforzar o servizo de zonas rurais e semirurais nas que existe unha importante dispersión e envellecemento da poboación, facilitando a accesibilidade e evitando desprazamentos.

Este expediente prevé un importe total de 373.980 euros para a adquisición dunha unidade móbil cunha sala de radioloxía dixital con capacidade para desprazarse, de xeito periódico, ás inmediacións dos distintos centros de atención primaria que non contan con servizo de radioloxía e poder realizar as probas programadas para os pacientes dese centro. Será unha unidade móbil cunha área de acceso e recepción dos pacientes e outra de exploración, con vestiario e lavabo. Esta área de exploración deberá ter unha protección de chumbo para protexer da radiación ionizante do equipo. Contará cunha plataforma elevadora para facilitar o acceso a pacientes con mobilidade reducida.

Este equipo iniciará a súa actividade, de xeito piloto, na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, co obxectivo de avaliar o seu resultado e a súa posible extensión ás restantes áreas sanitarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre sinalar que, tal e como recolle o informe de Sanidade, ambos os expedientes prevén o requisito de que os equipos de radioloxía estean dotados con tecnoloxía dixital directa que permite a integración total das imaxes diagnósticas e das doses de radiación recibidas polo paciente cos sistemas de información corporativos do Sergas, en particular co sistema IANUS de historia clínica electrónica.

Subliñar, igualmente, que estes investimentos están financiados polos fondos recibidos do Ministerio de Sanidade a través do Plan de mellora das infraestruturas de atención primaria (Minap). Ao respecto remarcar que, a boa situación de Galicia en materia de infraestruturas de atención primaria, cun investimento desde 2009 de máis de 120 millóns de euros para construír ou renovar 110 centros de saúde, e cun Plan de infraestruturas de atención primaria en execución desde 2021, permite á Xunta destinar estes fondos estatais para dotar os seus centros de novo equipamento diagnóstico.

Máis investimentos nos vindeiros meses

No informe do departamento sanitario sinálase que, dentro da aposta da Xunta por unha atención primaria máis resolutiva, a Consellería de Sanidade ten planificada a tramitación de novos expedientes de contratación nos vindeiros meses para incorporar tamén na rede de atención primaria galega. Trátase de:

-Equipos de realización de probas rápidas para analizar no propio centro de atención primaria indicadores como a glucosa en sangue, o osíxeno en sangue ou os electrolitos.

-Novos dispositivos multidiagnóstico (equipos MESI) para dotar todos os centros de saúde de Galicia de tecnoloxía que vai permitir, a través dunha tablet con distintos complementos, realizar co mesmo aparello distintas probas diagnósticas como electrocardiogramas, medicións de presión arterial ou espirometrías.

-Dispositivos de monitorización ambulatoria da presión arterial (equipos MAPA) que o paciente leva para casa durante un ou dous días completos da súa vida cotiá e permite diagnosticar a existencia ou a evolución de hipertensión.

-E, tamén, ecógrafos e retinógrafos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA CASE 18 MILLÓNS DE EUROS PARA ACTUAR EN 629 CAMIÑOS DE 300 CONCELLOS DENTRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS

- Esta convocatoria da Consellería do Medio Rural está cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027
- Este plan ten como obxectivo a cohesión territorial e social dos núcleos rurais, mellorando desta forma a calidade de vida e traballo no medio rural, mellorando a accesibilidade e a vertebración do territorio

Presentouse ante o Consello da Xunta o Informe sobre o Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 elaborado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural. A última convocatoria, dos anos 2023-2024, á que se destina un orzamento de case 18 millóns de euros -cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, permitirá que 300 concellos galegos poidan reparar 462 km repartidos en 629 camiños rurais, xa que este plan é bianual.

Estas obras enmárcanse no Plan de mellora de camiños rurais, unha orde de axudas que se convoca anualmente de xeito ininterrompido desde o ano 2013. Nos últimos oito anos concedéronse axudas para actuar sobre máis de 5.450 camiños, acadando unha lonxitude de máis de 4.280 km de vías rurais melloradas. O importe total da dotación orzamentaria destas convocatorias ascende a máis de 130 millóns de euros.

Este plan ten como obxectivo a cohesión territorial e social dos núcleos rurais, mellorando desta forma a calidade de vida e traballo no medio rural e, en particular, dos camiños rurais. A mellora destes camiños facilita a accesibilidade e a vertebración do territorio; contribúen ao aumento da competitividade forestal e agraria, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redundará nunha maior axilidade das operacións agrarias, nunha redución dos custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado.

Este tipo de actuacións teñen tamén o fin de incrementar a xeración de emprego e renda en zonas rurais, co obxectivo de mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento, entre outras actuacións, mediante a mellora da mobilidade, a seguridade e a cohesión rural.

Deste xeito, a diferenza das convocatorias de anos anteriores -orientadas a financiar as actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais que deran acceso en calquera punto do seu trazado a polo menos dúas parcelas agrícolas- está

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinada a subvencionar actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou varias entidades de poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 1,5 M€ EUROS UN TOTAL DE 85 PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E MELLORAS A BORDO DOS BUQUES PESQUEIROS

- O Executivo galego destina estas achegas a mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo dos profesionais embarcados, así como á eficiencia no consumo de combustibles para mitigar o cambio climático mediante medidas como o cambio de motores, entre outros aspectos
- Delas beneficiaranse máis de 70 buques con porto base en Galicia das distintas modalidades de pesca, desde os de artes menores que faenan próximos á costa ata os do caladoiro nacional ou os das pesqueiras comunitarias e internacionais
- Desde 2016 aprobáronse máis de 380 proxectos deste tipo por un importe de máis de 5 millóns de euros, co que o investimento global nos últimos oito anos supera os 10 millóns de euros

A Consellería do Mar apoia este ano con máis de 1,5 M€ euros o desenvolvemento de 85 proxectos que buscan mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo a bordo dos buques pesqueiros así como a súa eficiencia enerxética e tamén aumentar o valor engadido e a calidade dos produtos do mar, entre outros aspectos. Estas iniciativas enmárcanse na convocatoria de achegas de 2023 dirixida a propietarios de embarcacións pesqueiras que realicen investimentos que fomenten unha pesca sustentable.

As axudas aprobadas, que foron analizadas hoxe no Consello da Xunta, contribuirán a facilitar o labor e as condicións de vida das tripulacións dos barcos beneficiados así como a optimizar a súa eficiencia enerxética -axudando a mitigar o cambio climático- ou cambiar os motores con este mesmo obxectivo.

A maioría destes apoios (49) van dirixidos a distintas accións para mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo a bordo por importe de preto de 790.000 euros. A eles engádense 14 iniciativas cunha axuda de máis de 192.000 euros para limitar o impacto da pesca no medio mariño e 12 proxectos para aumentar o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas con arredor de 484.000 euros de apoio.

Ademais hai catro proxectos centrados en mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático que suman preto de 50.000 euros e outras seis iniciativas -dentro da liña de eficiencia enerxética- consistentes no cambio de motores por un importe global de arredor de 14.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desta convocatoria de achegas -cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)- beneficiaranse máis de 70 buques con porto base en Galicia das distintas modalidades de pesca, desde os de artes menores que faenan próximos á costa ata os do caladoiro nacional ou os das pesqueiras comunitarias e internacionais e algún conta con máis dun proxecto aprobado.

A convocatoria destas axudas ao abeiro do FEMP permitiu aprobar desde 2016 máis de 380 proxectos -incluídos estes de 2023- por un importe de máis 5 millóns de euros e un investimento global de arredor de 10 millóns de euros. Trátase duns apoios moi demandados polo sector cun número de beneficiarios que foi aumentando de xeito constante desde esa primeira convocatoria de 2016.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA